

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado DEPORTES con data 23 de novembro de 2017 e que literalmente di :

Informe proposta para a adxudicación das subvencións do “Programa de subvencións a Clubs e Entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do Deporte (2017).

Con data 27/07/2017 o concello pleno aprobou as bases reguladoras do programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do Deporte (2017). Orzamento municipal 2017. As ditas bases publicáronse no BOP N° 148 do 07/08/2017.

Posteriormente, mediante Decreto de Alcaldía de data 08/08/2017, aprobouse a convocatoria do dito programa de subvencións así como extracto da mesma, que foi publicado no BOP nº 154 do 16/08/2017.

Durante o prazo establecido nas bases para a presentación de solicitudes recibíronse 40 instancias. Revisada a documentación presentada requiriuse a subsanación da documentación incompleta concedendo a tal efecto 10 días hábiles, ao abeiro do punto 7 das bases do programa: “(...) *Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, a Concellería de Cultura requirirá ao interesado para que subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles coa indicación de que se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (...).*”

Transcorrido o prazo de subsanación, consta que as seguintes tres entidades non subsanaron a documentación requirida no prazo establecido:

- *A Asociación Roiba. Consta a recepción do requirimento o 2/10/2017 (data límite de subsanación o 17/10/2017). A día de hoxe non consta a presentación de documentación algunha.*
- *O SRD Esteiro. Consta a recepción do requirimento o 06/10/2017 (data límite de subsanación o 23/10/2017). Ademais esta entidade deportiva presenta escrito con rexistro nº 61.202 de 15/11/2017 no que “(...) renuncia a subvención de entidades deportivas municipais do orzamento 2017(...)”.*
- *Respecto do Ánimas SCDR presenta a documentación requirida fóra do prazo xa que consta a recepción do requirimento o 3/10/2017 (data límite de subsanación o 18/10/2017) e de presentación da documentación de subsanación o 20/10/2017.*

Con data 16/11/2017 reúnese a Comisión de Valoración elixida ao efecto quen realiza, previa valoración, unha proposta de concesión e propón a exclusión das tres entidades enriba citadas.

Posteriormente, o 23/11/2017 a Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deporte e Turismo ditamina favorablemente a proposta realizada pola Comisión de Valoración.

Por todo o anterior, **proponse:**

Primeiro.- Adxudicar as seguintes subvencións resultantes do procedemento en réxime de concorrència do “Programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do e promoción do Deporte (2017). Orzamento municipal 2017.

- Adxudicatarios:

Nome	NIF/CIF	Importe subvención concedida
CLUB TRIATLON FERROL	V70087192	3.597,05 e
CLUB PATINAXE ARTISTICO RAIOLA	G15535925	2.711,91 e

CLUB BALONCESTO IRMANDIÑOS	G70264007	1.880,44 e
CLUB NATACION FERROL	G15245038	6.984,4 e
CLUB TIRSO DE MOLINA	G15310287	2.999,51 e
CLUB FERROL TENIS DE MESA	G15154990	1.000 e
S D R C PORTUARIOS (**)	G15116650	3.064,44 e
CLUB UNIVERSITARIO DE FERROL	G15659261	4.079,57 e
CLUB RENBU KAN	G15773112	579,07 e
CLUB BUNKAI	G15576614	4.560,75 e
MANDIA C.F.	G15345267	2.267,78 e
C.D. VAGALUME	G15119688	1.948 e
CASINO FERROLANO TENIS CLUB	G15049901	2.665,01 e
CIRCULO FERROLANO DE AJEDREZ	G15153976	3.316,61 e
ESCOLA FERROLA DE XADREZ	G15721962	3.757,02 e
BASKET SCHOOL FERROL (**)	G70307103	3.787,03 e
ARCO FERROL, CLUB	G15929516	1.832 e
CLUB CICLISTA FERROL	G15115652	2.640,91 e
FERROL CLUB BALONCESTO (FERROL CB)	G70209416	1.997,64 e
CM HOCKEY FERROL	G70306022	3.018,2 e
CLUB DE ATLETISMO RIA FERROL	G15203219	4.771,55 e
CLUB O PARRULO FERROL, FS	G15302136	2.211,58 e
ESCUELA DE FUTBOL R. FERROL	G70075395	3.583,17 e
CLUB BALONCESTO COSTA ARTABRA	G15628894	5.182,38 e
CLUB DEPORTIVO ESQUIO	G15238678	3.442,55 e
CLUB BASKETMI FERROL	G15282221	1.600 e
CLUB RACING SAN PEDRO	G15323272	2.211,75 e
CLUB ESCUELA DE FUTBOL ENSANCHE	G70338462	2.030,78 e
Club Esmelle	G15322738	2.479,42 e
CLUB PATINAXE ARTISTICA BUXAINA FERROL	G70078324	3.418,05 e
CLUB PIRAGUISMO COPACABANA	G15321854	3.109,74 e
S R D CANIDO	G15119522	2.583,96 e
CLUB A FERVENZA F.S.F.	G70131057	3.492,73 e
CLUB RUGBY FERROL	G70176227	3.683,8 e
CLUB ESGRIMA TRES ARMAS	G15695505	3.260,21 e
ASOCIACION DEPORTIVA AMIGOS DEL BASKET FERROL	G70511027	1.589,16 e
ASOC. DE PADRES Y AMIGOS DE NADADORES CLUB MARINA	G15250244	6.505,72 e
A.C.R.D. GRUPO BAZAN	G15277957	7.017,37 e
CLUB GALICIA DE CARANZA S.C.D.R.	G15158215	4.138,74 e

TOTAL 125.000 €

- Obxecto da subvención: **Fomento e promoción, en xeral, da Educación Física e do Deporte da nosa cidade a través de dúas liñas de actuación: Actividades desenvolvidas por clubs e entidades deportivas mediante a participación en competicións deportivas federadas e Actividades desenvolvidas por clubs e entidades de base de iniciación deportiva e fomento da práctica deportiva non federada.**
- Importe: **125.000**
- Partida: **05004 3411 48000 (RC núm. op. 217102667 ref. 1193)**
- Outras características:
()A proposta de adxudicación á SDRC Portuarios e o Club Basket School queda supeditada á presentación dos certificados de estar ao corrente coa Administración tributaria Estatal e Autonómica.**

O prazo máximo de xustificación da subvención finaliza o 15/03/2018 (punto 12.3 das bases).

En relación coa adxudicación proposta, os adxudicatarios da subvención cumpren co disposto pola Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións (BOE nº 276, de 18 de novembro) e demais normativa de aplicación.

Segundo.- Ter por desistidas da súa solicitude ás seguintes tres entidades por non ter subsanada a documentación en prazo:

- Asociación Roiba CIF G-15054067
- SRD Esteiro CIF G-15325996
- Ánimas SCDR CIF G-15305998

“

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

Decreto.- Examinei a anterior proposta e apróboa nos seus propios termos.

Ferrol,

Concelleiro Delegado Titular da Área Cultura e
Educación, Universidade, Deportes, Turismo e
Festas

Dou fe,
O secretario xeral